

A LINGUA, A NOSA CULTURA, O NOSO PATRIMONIO



- *“Todas as culturas entenden a lingua como un patrimonio, que hai que protexer e do que sentirse orgulloso”. Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística.*
- *“Porque despois de máis de catro séculos de políticas asimilistas, exercidas con toda riqueza de astucias e violencias, o noso idioma segue vivo. Sodes, pois, uns imperialistas fracasados”. Castelao. Sempre en Galiza.*

CIG- Saúde defende que se manteña a convocatoria de OPE nos termos nos que foi aprobada na Mesa Sectorial en decembro de 2008.

O goberno do PP pretende modificar pola vía de urxencia a Lei de Función Pública Galega, para suprimir das probas selectivas o coñecemento do noso idioma; co argumento de que isto impide que profesionais do resto do territorio do estado español acedan ao emprego no noso país. Isto é totalmente falso, non se pode seguir enganando e manipulando.

Este é o cronograma da convocatoria de OPE, polo que o persoal que vai participar neste proceso selectivo, de dentro ou de fora de Galiza, xa coñecía os requisitos da convocatoria:

Convocatoria OPE FACULTATIVOS 2008	Decreto de oferta de emprego publicado no DOG do 01-09-2008
	Resolución da convocatoria publicado no DOG do 22-12-2008.
	Prazo de presentación de solicitudes: inicio 23-12-08; remate 31-01-09.
Convocatoria OPE Resto de Categorías 2009	Decreto de oferta de emprego publicado no DOG do 13-02-09.
	Resolución da convocatoria publicado no DOG do 26-02-09.
	Prazo de presentación de solicitudes: inicio 27-02-09; remate 31-03-09.

Ademais disto, é falso que a proba do galego determine a superación do proceso selectivo, xa que o baremo ten a seguinte composición:

BAREMO OPE 100% DA PUNTUACIÓN	Concurso de méritos 40% do proceso selectivo. Nesta apartado valóranse os servizos prestados nos países da Unión Europea, nos centros públicos e privados. O resto de méritos (publicacións, formación...) son de carácter internacional.
	Fase de oposición 60% do proceso selectivo. 90% Exame da parte específica . Os test están feitos integramente en español. 10% coñecemento do galego. Non eliminatorio, só serve para subir nota.

A política de emprego exercida no SERGAS polo anterior goberno do PP, corrixida no “plano de estabilidade” aprobado na Mesa Sectorial no ano 2006, traducíase nunha permanente fuxida dos nosos profesionais ao país veciño, Portugal, onde todas e todos, de Galiza e do resto do estado español, tiñan que superar unha proba de coñecemento do idioma portugués, e isto non impediu que marcharan.

As precarias condicións das contratacións utilizadas nos últimos anos polo goberno do PP, que foron ás que botaron as e os profesionais do país, traducíanse en:

- **Para os profesionais:** a formalización de sucesivos contratos, sen vacacións, sen cobertura de I.T, Provocando desmotivación, incerteza para os proxectos persoais e dificultade na conciliación da vida laboral e familiar.
- **Para a Administración sanitaria:** a dificultade de captar e reter profesionais nun mercado competitivo; xerando incerteza na continuidade dos servizos.

Estas políticas de emprego son as que non se poden volver a aplicar. O goberno debe asegurar unhas boas condicións laborais para garantir, non só que veñan profesionais de fora de Galiza, senón para evitar que fuxan os nosos.

O Galego non é unha limitación, é un dereito; as usuarias e usuarios teñen o dereito a usalo na súa relación co Sistema Sanitario Público; a Administración ten a obriga de garantilo.

